# Os científicos do mar

**“ Enveredamos cara ao océano Índico. Despois dalgúns días, gañamos a illa de Ceilán. Alí, segundo a proposta de capitán, baixamos sobre as ondas, cos noso escafandros para contemplar de preto unha reserva de ostras perladas. Había que ver o capitán Nemo desprazarse por eses fondos mariños! Estaba como na súa casa! Dirixíase, sen dubidalo, cara ao seu destino, onde seguramente non puxera o pé desde había varios anos.”** *As viaxes fantásticas de Jules Verne*

Robert Ballard foi un dos investigadores que axudaron a comprender un pouco mellor os nosos océanos. Mergullémonos na súa vida para intentar comprender un pouco mellor as súas achegas e as dificultades que tivo que enfrontar para realizar o seu traballo.

- Imos crear un arquivo pdf cunha extensión entre 500 e 800 palabras que enlazaremos a nosa aplicación final.
  Nese documento incluiremos os seguintes apartados:

  a) Breve descrición do mundo que tocou vivir ao noso científico. Seguro que sabedes que a Lúa está máis cerca da Terra có Sol pero cando alguén propuxo esa idea por primeira vez rompía co sentido común: o Sol é máis grande polo que parecía evidente que estaba máis cerca. Os científicos son parte da sociedade e traballan cos medios que esta ten. Por exemplo, hoxe podemos dar a volta ao mundo en barco con seguridade pero hai cinco séculos era unha aventura que moitas veces remataba en desastre.
  Por este motivo é fundamental que expliquemos como era o mundo no que vivía o noso científico: había un país dominador? Estabamos en guerra? Coñeciamos a posición dos continentes? Había barcos de vapor?...

  b) Breve biografía. Non é tan importante saber en que día naceu ou morreu o noso científico, con saber en que época viviu e traballou pode chegarnos. Tampouco soe ser fundamental saber si casou ou tivo fillos pero si que é moi interesante coñecer un pouco da súa forma de ser, das dificultades que atopou, da súa forma de ver o mundo.

  c) Que achegou? É a parte máis importante do traballo. Robert Ballard comezou investigando sobre xeoloxía mariña pero pronto dirixiu o seu interese á arqueoloxía subacuática. Que é? Cal é o patrimonio subacuático español? De quen é un pecio? Debemos subir as cousas do Titanic ou de calquera outro pecio? Que tratamentos precisan os materiais que levan séculos somerxidos antes de subilos a superficie?...

  d) Bibliografía e webgrafía

  e) Selección de lugares na rede. Trátase de enlazar neste apartado dous ou tres páxinas que vos chamaran a atención durante a busca. Algún vídeo que vos gustou, unha páxina curiosa... Xunto ao enlace debedes xustificar a elección.

- Etapas do traballo:
  1. Buscamos información. Tedes enlazada na aplicación métodos para realizar unha boa busca na Internet pero non esquezades que a vosa biblioteca seguro que ofrece moi bos libros nos que buscar información. En Internet está todo pero hai que saber buscar.

Maido155, CC-BY- SA

  2. Anotamos ideas. É importante ir tomando notas da información que atopamos.

  3. Redactamos o traballo. Antes de empezar a redactar faille caso a imaxe, pensa e le as notas.
     Lembrade que copiar e pegar non é unha boa idea á hora de facer un traballo posto que o produto final soe rematar sendo




FJLópez Villa, Pensar, CC-BY-SA

incomprensible. Empregade as vosas propias palabras que seguro que sae moito mellor.

4. Respectamos os dereitos de autor. Cando empreguedes unha imaxe ou un texto que non sexa voso tedes que ter en conta que pode ter dereitos de autor. Nos buscadores tamén podemos filtrar por licenza. Dous exemplos:




En Flickr podedes filtrar por licenza pinchando na frecha.

En google primeiro tedes que pinchar sobre o simboliño que indica a frecha para que se abra esta outra pantalla.




Agora xa podes, entre outras cousas, filtrar por licenza.

Como tamén queremos que se respecte o noso dereito de autor faremos unha licenza de Creative Commons nesta páxina. Elixide a licenza que queirades e incorporádea á aplicación.

Ao longo desta unidade vistes moitas veces como se cita a fonte dunha imaxe. Lembra facelo no teu traballo.

5. Convertemos o arquivo en pdf e gardamos unha copia. Lembrade que é importante ter máis dunha copia dun arquivo así que enviádeo ao aula virtual do centro, por correo...